

Recuperación das materias pendentes

Contidos mínimos:

Os correspondentes ás materias de Filosofía I e Ética e Filosofía do Dereito

Procedemento

Para comprobar se foron conseguidos os obxectivos propios de cada materia faranse probas escritas por cada avaliación ademais dun exame final, se fose o preciso.

Criterios de avaliación:

- Definir e explicar coas propias palabras o significado dos diferentes termos e expresións
- Resolver problemas de dedución natural, coa finalidade de comprobar se o alumnado adquiriu capacidades para expresar con coherencia lóxica os seus propios razoamentos e detectar posibles falacias nos razoamentos alleos.
- Interpretar correctamente un texto identificando as ideas centrais do mesmo
- Elaborar e interpretar correctamente mapas conceptuais.
- Comprender en diferentes obras algunhas das características da experiencia estética
- Progresar na comprensión e uso correcto dos conceptos básicos.
- Comprender e establecer relacións entre os conceptos fundamentais.
- Realizar unha composición filosófica sobre un tema tratado na clase, comprobando a capacidade de síntese e de análise.